

Publican un traballo inédito de Álvarez Blázquez sobre un autor medieval que podería ser de Ordes

La Voz | 10/1/2008

Un artigo inédito de Xosé María Álvarez Blázquez, o escritor a quen se dedica o Día das Letras Galegas do 2008, sobre o autor medieval Airas Moniz d'Asma, é publicado pola revista **Agália**, da Associação Galega da Língua, no último número, correspondente ao semestre pasado. A revista, editada en Compostela, está dirixida por Carlos Quiroga, profesor da USC.

Segundo esclarece o catedrático Martinho Montero Santalha, da Universidade de Vigo, que edita o texto de Álvarez Blázquez, non existe certeza da procedencia dese autor, que se sitúa na primeira época da lírica medieval galego-portuguesa, por volta do primeiro terzo do século XIII, e de quen se conservan dúas cantigas de amor e dúas de amigo. A hipótese é que procedese de algún lugar onde exista o topónimo Asma, que aínda se conserva na zona central do país, nas proximidades do curso medio do río Miño, en Chantada, Taboada ou Carballedo.

No entanto, hai outros nomes na toponimia galega que poderían ter que ver coa orixe dese poeta medieval, entre os que Montero Santalha cita tres lugares denominados Asmaos, un deles en Ordes.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad local:



Comercializa publicidad nacional:



R.M. de A Coruña: tomo 2438 del Archivo, Sección General, folio 114 vto., hoja C-2141. CIF: A-15000649.